

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 14 de outubro de 2022 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas AG-46 e PO-551 en Domaio, de clave PO/22/116.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Antecedentes:

Mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas, do 13 de outubro de 2022, aprobouse provisionalmente o proxecto de trazado de aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas. AG-46 e PO-551 en Domaio, de clave PO/22/116.06, no concello de Moaña.

A descrición da actuación pódese consultar na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade <https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>, na respectiva ficha descritiva do proxecto.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de trazado sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual



de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente documento á información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida María Victoria Moreno, 43, 1º, 36071 Pontevedra) e na Casa do Concello de Moaña (rúa As Barxas, 2, 36950 Moaña, Pontevedra).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade: <https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudios-proxectos>, atópase á disposición dos interesados o proxecto de trazado de aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas AG-46 e PO-551 en Domaio, de clave PO/22/116.06.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2022

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas. AG-46 e PO-551 en Domaio. Clave: PO/22/116.06

Concello de Moaña

| Nº | Referencia catastral | Pol. | Parc. | Concello | Sup. cat. (m ²) | Propietario/s | DNI/CIF | Exprop. (m ²) | Tipo solo | Clasificación urbanística | Aproveitam. | Situación básica do solo | Outros bens |
|----|----------------------|------|-------|----------|-----------------------------|---|-----------|---------------------------|-----------|---|--------------|--------------------------|---|
| 1 | 36029A070000170000IP | 70 | 17 | Moaña | 1.919,00 m ² | Comunidade de montes en man común de Domaio | V36060044 | 849,00 m ² | Rústico | Rústico de especial protección patrimonial, de costas e infraestruturas | EU-Eucalipto | Rural | Plantación de eucalipto 849,00 m ² |

